

Consello de Redacción:

ANTON COSTA RICO

MODESTO HERMIDA GARCIA

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

MANUEL BRAGADO RODRIGUEZ



SEMANARIO DE

EDUCACION

DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

AÑO IV N.º 186

Departamento de Educación do Concello de Vigo

Avance do programa do curso 1986-87

O Departamento de Educación do Concello de Vigo presentou o avance do seu programa para o curso 1986-87. En liñas xerais, as actividades previstas desenrolaranse en función dos seguintes programas:

Día da Constitución

Concurso convocado polo Departamento de Educación e Radiocadena Española. O seu obxectivo é coñecer as institucións e as leis a través da súa aplicación á propia realidade.

Neste concurso poderán participar grupos de alumnos (nun mínimo de 15 e un máximo de 20) de tódolos cursos de EXB dos Colexios do Concello de Vigo. Cada un dos equipos, asesorados ou dirixidos por un profesor, deberá elaborar unha "lei" a modo de constitución, que poderá estar adicada á libre elección dos concursantes, á súa aula, ó seu Colexio, ou a súa cidade. Se a proposta que se faga ten sido posta en práctica durante algún tempo, se incluírá, tamén, un informe breve de cómo se fixo e cal foi o seu resultado, elaborado polo profesor da aula ou o director do colexio. O prazo de presentación dos traballos remata o 21 de novembro do presente ano.

O Concello na escola

Este programa ten por obxecto achegar ás escolas ó coñecemento activo da Administración municipal e dos seus servizos. Permitirá tanto a aprendizaxe de conceptos básicos da vida da comunidade, como axudar á formación de cidadáns activos, críticos e responsables.

O programa consiste na realización de diversas visitas ás distintas dependencias e servizos municipais de grupos de alumnos, atendidos polos responsables dos servizos e cun material específico de apoio á actividade en forma de carpetas de documentación para profesores e alumnos.

Para o presente curso ofrécense dúas visitas: á casa do Concello e ó alcoube do Castro. Na visita á Casa do Concello os grupos de alumnos farán un percorrido polas diferentes dependencias (salón de plenos, sala da comisión de goberno, planta 9.ª, oficina de proceso de datos, oficina técnica de planeamento, arquivo municipal, Policía Municipal), ademais de contar cunha carpeta de material didáctico (contendo programación didáctica, documentación para o profesor, e cuaderno do alumno). A visita ó Alcoube (viveiro) municipal, pertencente ó Servizo de Parques e Xardíns, ten por obxectivo introducir ó coñecemento deste servizo municipal, a súa importancia e introducción ou profundización no estudo do cremento e reprodución das plantas, dos seus nomes e para a creación de actitudes cívicas cara os parques e xardíns.

O departamento anuncia que se está a preparar as carpetas para as visitas programadas a incineradora municipal e ó Servizo de Bombeiros.

III Campaña de Animación da Lectura e Bibliotecas escolares

Este programa, organizado por terceiro ano consecutivo, supón a posta en marcha de distintas actividades que ó longo do curso escolar se desenvolven co obxectivo común de promocionar ese ben cultural tan preciado que é o libro e a lectura, e a concienciación sobre a im-



A animación á lectura é un dos obxetivos do programa.

ARCHIVO

portancia que para o pleno desenvolvemento da personalidade ten a adquisición de hábitos lectores.

Segundo a avaliación realizada polo departamento as súas campañas anteriores confirman que teñen servido como un elemento de apoio importante no labor dos profesores e como unha motivación grande para a posta en práctica doutras

accións nos propios colexios: a multiplicación de bibliotecas de aula (fórmula que na campaña se potencia de xeito prioritario) confirma a premisa sobre a que se traballa.

Nesta terceira campaña, a parte central do preograma estará no Ciclo Medio, as distintas actividades da que consta van moito máis alá dunha mera dotación

bibliográfica ás escolas, senón que tamén constitúen un programa de animación educativa plenamente integrado no currículo e dinámica escolar.

A estrutura desta campaña organízase ó redor de cinco apartados interconectados: dotacións bibliográficas, perfeccionamento do profesorado, axudas a experiencias, actividades complementarias e promoción.

As dotacións bibliográficas consisten nunha dotación básica de biblioteca de aula para os colexios públicos que desexen participar na campaña (dous lotes de literatura infantil seleccionada con destino a crear dúas bibliotecas de aula, en 3.º e 4.º de EXB respectivamente), nas maletas bibliográficas itinerantes (de xeito experimental, porase en circulación en 10 colexios públicos seleccionados, dúas maletas con 500 libros tanto de literatura infantil e xuvenil como doutro carácter -divulgativo, histórico, recreativo e científico-) e nunha biblioteca de apoio ó profesorado (centrada en temas de literatura infantil, lecto-escritura, bibliotecas escolares...).

O subprograma de perfeccionamento do profesorado ten por obxectivo apoiar ós docentes mediante cursiños e activi-

Pasa a páx. 127

Campo de Granada

Consolida-lo departamento

MANUEL BRAGADO

O Departamento de Educación do Concello de Vigo, que iniciou as súas actividades dun xeito sistemático no curso 1982-83, ten realizado, con medios moi exiguos e persoal reducido, unha importante oferta de servizos ao profesorado e á escola, na liña doutros servizos municipais de incidir na calidade educativa e impulsa-la renovación pedagóxica.

Campañas como as de "Animación á lectura" (programa modélico de formación do profesorado, amais de proporcionar recursos ós centros, en forma de biblioteca de aula); realización de tres edicións das Xornadas Pedagóxicas Municipais (cunha especial preocupación polas relacións Escola-Cidade); elaboración de materiais alternativos (fundamentalmente monografías de carácter didáctico sobre aspectos do entorno cidadán: as aves de Vigo, xardíns urbanos, Vigo Arqueolóxico...); programas como os de utilización didáctica da cidade, como o "Concello na Escola" (onde os servizos municipais pónense ó servizo dos escolares); cine infantil (coa edición dos magníficos cuadernos municipais de cine, O GATO BOGAR), etc., demostran algunhas das moitas posibilidades que poden ofrecer os servizos municipais como creadores de programas de dinamización educativa.

Coidamos que o programa que para este curso oferta o Departamento supón unha consolidación da súa traxectoria, ás portas do inicio da nova etapa que suporá

a apertura do Instituto Municipal de Educación, que se ubicará no antigo Instituto Bioquímico "Miguel Servet", estando xa adjudicadas as súas obras de recuperación e rehabilitación.

O IME debería supoñer a institucionalización definitiva desta forma de intervención de carácter socio-educativo, o que significaría a consolidación e ampliación considerable dos programas actuais do Departamento de Educación. Cremos que a partir da súa apertura, o IME debería se-lo responsable da xestión de tódolos servizos de dinamización educativa do Concello: formación do profesorado, utilización didáctica da cidade, e os de apoio á escola e á comunidade educativa.

As actuacións que poderá te-lo futuro Instituto son moi diversas e complexas. Fundamentalmente haberá de constituírse nun lugar de encontro, animación e recursos relacionados coa educación, organizándose en función de departamentos e Servizos.

En canto ó profesorado deberá ocuparse da organización de programas formativos (cursos, seminarios, exposicións...), na perspectiva da renovación pedagóxica, ademais de proporcionar asesoría e dotación de recursos e infraestrutura ós grupos xa existentes na nosa cidade (algúns cun traballo que se remonta a moitos anos) e de potencia-la creación de novos colectivos. Neste senso será preciso articular os diferentes Departamentos, constituídos segundo

áreas e temas específicos dentro do campo educativo.

O IME deberá cumprir un importante papel como ofertador de servizos tanto ós profesores (de tódolos niveis non universitarios) ás escolas, ós pais e demais sectores cidadáns. Terá especial importancia a constitución dun Centro de Documentación e dunha Biblioteca Pedagóxica de calidade, como dun servizo de Reprografía.

O IME deberá participar tanto na realización e deseño de programas dirixidos á escola, como na investigación, deseño e proposta de dotacións de equipamentos infantís (bibliotecas, zonas de xogo, ludotecas, programas de tempo libre, colonias...).

Preocúpanos o actual mutismo da Concellaría de Educación sobre o futuro do Instituto, polo que coidamos que se podería aproveitar este curso, mentres se realizan as obras do edificio, para dar a coñecer ó profesorado os proxectos sobre o seu futuro funcionamento. ¿Seguiranse os modelos de referencia doutros Institutos Municipais, deste mesmo carácter, como os de Badalona, Barcelona, Xixón...? Tampouco estaría de máis que se fose pensando nun borrador de Estatutos, para o cal cremos deben ser consultados os Movimentos de Renovación Pedagóxica, que funcionan na cidade. O Consello Escolar Municipal (cando se constituía), os Sindicatos de ensinantes...

INFORME

Os servicios educativos municipais e as competencias dos concellos

M.B.R.

A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, lei 7/1985 de 2 de abril, desenvolve a xestión dos intereses educativos das entidades locais. Así no seu artigo 25, apartado n, e no referido ás competencias dos concellos di: "Participar na programación do ensino e cooperar coa administración educativa na creación, construción e sostenimento dos centros docentes públicos, intervir nos seus órganos de xestión e participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria". Esta formulación non varía substancialmente as competencias que tradicionalmente viñeron desempeñando os concellos en materia educativa circunscritas á construción (obligación de cesión de terreos) e obriga de mantemento dos centros escolares públicos. Obrígas estas non equilibradas co recoñecemento da posibilidade de influir tanto ó nivel da programación xeral do ensino, como a nivel de funcionamento cotián dos centros.

Nembargantes e ó abeiro dos artigos 27 da mesma lei que recoñece que a "Administración do Estado e as comunidades autónomas poderán delegar nos concellos, o exercicio de competencias en materias que afecten aos seus intereses propios sempre que con eles se mellore a eficacia da xestión pública e se acaden maior participación cidadán", os concellos, por un sistema de delegación de competencias, poderían asumir maiores funcións educativas. Tamén o artigo 28 desta mesma lei recoñece que "os concellos poden realizar actividades complementarias das propias doutras administracións públicas e, en particular, as relativas á educación, a cultura...", deixándose así unha porta entreaberta a maiores posibilidades dos concellos nesta materia.

Pola súa banda no que respecta á LODE non se introduce ningunha novidade substancial respecto á lexislación anterior. Esta lei non fala das competencias das corporacións locais nin no seu "Preámbulo" nin no seu articulado, con só unha referencia na Disposición Adicional Segunda -Dúas, onde menciona

os centros docentes públicos, dos que serán titulares as corporacións locais, así como na Disposición Transitoria cuarta, que fala da adaptación destes centros no prazo dun ano dende a publicación da lei.

Antes de que se recoñecese legalmente ós concellos o seu labor de complementación da administración educativa, xurdiron por todo o Estado (coas primeiras corporacións democráticas) servizos institucionais, até entón inexistentes, que baixo distintas formas organizativas (Institutos Municipais de Educación, Departamentos de Dinámica Educativa, Equipos Psicopedagóxicos...) asumían a responsabilidade de pular pola renovación da escola e de apoiar ás iniciativas de base. Actuacións que se acometían con múltiples dificultades, ao non contar con competencias específicas e os recursos económicos precisos, cun carácter voluntario e cunha clara conciencia de cubrir un valeiro institucional. Algúns concellos, entre os que o de Vigo foi pioneiro na nosa comunidade autónoma, tomaron sobre si a responsabilidade de crear uns servizos municipais para incidir na calidade educativa e impulsá-la renovación pedagóxica das escolas.

As actuacións destes servizos vèñense centrando, fundamentalmente, en actividades de formación do profesorado e de apoio, por medio da creación de servizos, á escola e a toda a comunidade educativa.

Nas actividades dirixidas á formación permanente do profesorado, estes servizos e institucións organizan cursos, seminarios, xornadas monográficas, exposicións e outras estruturas encamiñadas a cubrir unhas necesidades de reciclaxe e formación que outras instancias non cubren ou o fan insatisfactoriamente.

En canto á creación de servizos de apoio á escola como comunidade, os servizos municipais de educación dedican atención preferente ós temas de ámbito local, sobre todo o coñecemento e utilización didáctica da cidade, á constitución de centros de documentación e asesoría de cara á comunidade educativa e á creación de servizos psicopedagóxicos.

A Banda Municipal de Música na escola

M.B.R.

Este programa pretende posibilitar a escoita de música en Vigo polos escolares, introducindo ós alumnos no coñecemento dos instrumentos propios da agrupación Banda de Música.


O programa consiste en concertos didácticos ofrecidos pola Banda Municipal, ben no propio Colexio ou no Auditorio do Concello, amais dun material de apoio ó concerto (diapositivas que amosan os distintos instrumentos musicais, folla de actividades para cada neno, programa das obras a interpretar).

A música na escola

Este é un programa de carácter experimental para o presente curso 86-87, con el non se pretende unha aprendizaxe, senón unha motivación cara a música dende a escola. Búscase a interdisciplinariedade entre diversos ensinamentos artísticos (plástica, teatro, música...), contándose para levalo adiante coa colaboración dos alumnos do Conservatorio Superior de Música de Vigo e cos propios profesores dos colexios participantes.

Polo seu carácter experimental e co fin de avaliar as súas posibilidades e a súa estrutura e contidos, só será realizado en 9 colexios públicos do noso Concello, dos niveis de 4.º e 5.º de EXB.

O conxunto das actividades musicais propostas polo programa xiran ó redor dun concerto de música clásica executado por alumnos do Conservatorio Superior de Música. Cos profesores das aulas participantes manteranse ó longo do curso tres reunións cos coordinadores do programa, co obxecto de dar instrucións básicas sobre a utilización do material didáctico que se suministrará a cada clase (documentación para o profesor, programación de actividades -antes, durante e despois do concerto-, cómic e conto para os alumnos, cassette e xogo de diapositivas, esquema para a construción de instrumentos simulados, dous libros básicos sobre a Música, e dous discos ou cassetes, e cartel de promoción da música para cada alumno), e sobre a realización das diferentes actividades deste



VICENTE

"A música na escola" vai ter presenza neste curso.

programa (asistencia ó concerto, visita ó Obradoiro de Instrumentos Musicais da Universidade Popular de Vigo, audición dun ensaio da "Orquesta de Cámara do Conservatorio de Vigo" -co seu coloquio final-...).

Unidade didáctica

En colaboración co Departamento de Prehistoria e Arqueoloxía do Museo Municipal elaborase este programa co obxecto de achegar ós alumnos ó coñecemento dos orixes da nosa cidade.

O plan da unidade didáctica consta das visitas ás excavacións arqueolóxicas da aba no do Castro e da Sala Arqueolóxica do Museo. Os recursos de apoio para a unidade consisten nunha maleta arqueolóxica (en préstamo para os centros que realicen a unidade completa, con obxectos procedentes das excavacións realizadas en Vigo e de láminas, esquemas e textos explicativos e complementarios, preparados para súa exposición), nun diaporama sobre a cultura castrexa e nunha carpeta guía didáctica (con información para o alumno, programación para o profesor, fichas de observación para o traballo de campo dos alumnos, de documentación de apoio para o profesor).

As publicacións do Departamento de Educación

M.B.R.

O longo de catro anos de traballo o Departamento de Educación ten publicado un importante monto de traballos co obxecto de proporcionar ós profesores elementos de traballo alternativos para a clase e documentación de apoio para o seu labor didáctico.

Colección "Materiais pedagóxicos para investiga-lo medio"

1. Varios. **Visita ecolóxica á praia das Barcas** (Guías do alumno e do Profesor).

Actividades para realizar cos alumnos nun ecosistema concreto: a praia.

2. Varios. **As aves de Vigo. Pequena guía para a súa observación.** (Esgotada, pode fotocopiarse). Unha información básica sobre as especies de aves máis comúns do entorno vigués.

3. **O noso concello.** (Guías do alumno e do profesor, 3.ª Ed.). Folleto didáctico utilizado nas visitas programadas á Casa do Concello. Representa unha introducción básica ó funcionamento e administración municipal en Vigo.

4. Varios. **Os xardíns do Pazo de Castrelos.** (Guía para unha visita botánica).

Completa guía para o estudo botánico dos xardíns do Pazo. Inclúese localización de especies arbóreas do xardín e itinerarios con proposta de actividades.

5. Varios. **Dous xardíns urbanos.** Descríbense os estilos e técnicas de dous xardíns típicamente urbanos: A Alameda e Elduayen.

6. Hidalgo Cuñarro. J.M. **Vigo Arqueolóxico. Do Paleolítico á Romanización.**

Monografía de información adicada á prehistoria e arqueoloxía de Vigo. Descríbense as características das distintas épocas e culturas, os obxectos atopados na nosa comarca, os lugares de interés arqueolóxico do noso concello.

7. **Guía de Recursos Didácticos de Vigo para a Escola.**

Con esta guía sumístrase ós profesores un útil instrumento á hora de planificar convenientemente as visitas didácticas a empresas, entidades e lugares de interés. En base a fichas distribuídas polas distintas áreas de produción e da cultura, infórmase de aqueles lugares susceptibles de seren visitados por grupos de alumnos. Completase con guións de actividades e modelos de programación, amais dunha axuda con enderezos útiles.

Carpets do programa "O Concello na Escola"

Son carpets para entregar os profesores que visiten as instalacións municipais programadas. Todas constan de: guía do alumno, programación e do-

documentación para o profesor. Ata o momento publicáronse: **O Noso Concello**, e **O Alcobe Municipal**. Están en preparación: **Os Bombeiros**, e **A Incineradora municipal**.

Unidades didácticas

1. **A Cultura Castrexa e Galaico Romana en Vigo.** Materiais fotocopiados

1. **O porto en Vigo** (Información para o profesor).
2. **Os mercados: instrumento didáctico na área de ciencias.**
3. **O Castro: guións botánicos.**

Monográficos - BIP (Boletín de Información Pedagóxica)

1. **Matemáticas e cidade.** (Esgotado, pódese fotocopiar).
2. **II Xornadas Pedagóxicas Municipais: Escola e Cidade**.
3. "Letras Galegas 84".
4. Educar para a Paz.
5. **Letras Galegas 85: actividades para as aulas.**
6. Organización e animación de Bibliotecas de aula.
7. Proxectos e Memorias dos Colexios, 2.ª Campaña Animación lectura.

Planos de Vigo

1. Plano 1:25.000 (edición especial do Instituto Xeográfico Nacional).
2. Plano 1:10.000 (en papel fotográfico e nunha soa folla para o seu uso escolar).

Outros

- Revista BIP (6 números).
- Ideas para o deseño de espazos de xogo nos patios de preescolar.
- Pequena Guía de xoguetes -por idades-

Diaporamas

1. O xoguete, como elexir. (Dirixido ós pais).
 2. Manuel Leiras Pulpeiro, poeta dunha terra. (Letras Galegas 83).
- Prevenção de incendios. Principios básicos, consignas de actuación. Producido pola Dirección Xeral de Protección Civil do Ministerio do Interior.
- Vigo 1900-1986 (próxima aparición).

LIBROS

Eusebio Lorenzo: Tra-lo espírito de don Alvaro

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

Título: Libro das viaxes e dos sonhos
Autor: Eusebio Lorenzo
Editorial: Vía Láctea. Santiago, 1986

É esta, sen dúbida, unha obra dunhas características moi especiais, que se presta aos xuízos extremados, tanto nun senso positivo como negativo. Escrita nunha linguaxe moi cuidada, que por veces acada cumes dunha extraordinaria beleza, adoce de certa torpeza estrutural que impide valorala como a obra definitiva que podería ter sido. Unha torpeza, por outra banda, agardable de quen se enfrenta pola primeira vez coa difícil aposta de construír un espazo e un tempo novelescos, aínda cando se trate dunha curta noveliña... je ademais "para nenos" (pero as novelas ou contos para nenos non precisan de menor rigor cás de adultos; non nos cansaremos de repetir que a diferenza entre as primeiras e as segundas reside tan só en que aquelas poden ser lidas-comprendidas-amadas tamén polos nenos, e máis nada).

Torpeza corrente tamén entre quen chega á narración dende a poesía, como é o caso do noso autor. Inevitable parece aquí invocar ao espírito de don Alvaro, máis aínda cando dun xeito case explícito personaxes e lugares cunqueiranos saen ao nosos encontro nos recobexos destas viaxes e sonhos:

"Din que de ali bebeu tamén o meu señor Merlín e Ofelia a dos loucos amores" (páx. 78).

Tamén a Cunqueiro—novelista chegado dende o verso e que nunca renunciou ao alento poético nas súas narracións—se lle ten "acusado" de non escribir "verdadeiras" novelas, de que aínda nas máis recoñecidas entre as súas—o Merlín, o Sochantre—non hai unha "verdadeira" estrutura novelesca, senón, o máis, un enfiado de contos a penas unidos por certos personaxes centrais. O mesmo poderíase dicir deste Libro das viaxes e dos sonhos. Pero non sería iso para nós obxección significativa: non creemos nunha "estructura novelesca" definitivamente feita e modelo único. Pola contra, a novela poética (aceptemos chamala así) cunqueirana parécenos tan lexítima como a novela naturalista—moito máis próxima ao modelo clásico decimonónico—dun Cela.

O problema na obra que nos ocupa non é que o eixo narrativo central da obra—a viaxe do protagonista, Brais, e o seu acompañante, o vello Anselmo, á procura da Espiga Vermella—se interrompa de seguido con breves relatos alleos de todo a ese eixo. O problema é xustamente a febleza do engranzamento artellado polo autor. Febleza que comeza polo tan recorrido recurso ao texto atopado nunha librería de vello (lembremo-la inevitable Historia interminable de Ende, ou o seu precedente menos coñecido A guía fantástica do catalán Joles Senell), aquí del todo innecesario, pero ademais embarullado con continuos parlamentos do autor que rachan negativamente o ritmo narrativo.

O lector ten a impresión de que o autor, dono dunha pluma que sabe acertar coa adxectivación xusta como só pode facer un poeta, non acada, en cambio, esa sustantivación da acción, do acaecer, imprescindible no relato. ¿Que nos conta este Libro das viaxes e dos sonhos? ¿As lendas sobre as orixes da aldea de Pontedouro? ¿As incertas fábulas duns animais faladores? ¿A viaxe iniciática e inmaxinaria do neno protagonista? Só ao final sabemos que este busca unha "Espiga Vermella" da que nunca antes se nos tiña falado, e o relato conquiere ali (na decimo-cuarta de dazaioito "estampas") un senso que deica entón se nos tiña negado.

Hai nesas derradeiras páxinas o mellor da narración, considerada dende o punto de vista da enerxía narrativa. A aventura do Pazo e a viaxe a Partovia proban que este novo autor é capaz de domina-la técnica do relato tanto como, innegablemente, a beleza das Verbas. Nas anteriores "estampas" (nome que se nos propón no lugar dos habituais capítulos) abriásenos sobexo expectativas que logo non eran satisfeitas (un exemplo: na cuarta estampa, preguntanos o autor).

"¿Por qué pensades vós que hai tantos hórreos nas terras de Occidente cara o mar, tanta pedra que parece xa cansada de estar ó alto...?" (páx. 25); inútil buscar na conclusión do episodio resposta a tan suxerente pregunta). Aparte nas estampas finais Eusebio Lorenzo acerta nesa difícil arte de pecha-los camiños que o relato vai abrindo.

Avance do programa

Ven da páx. 125

dades de formación permanente, nos labores relacionados co libro e a animación da lectura na escola.

Este subprograma consistirá na realización dun curso de TÉCNICAS DE ORGANIZACIÓN DE BIBLIOTECAS ESCOLARES (XERAIS) E DE BARRIO, doutro sobre ORGANIZACIÓN E ANIMACIÓN DE BIBLIOTECAS DE AULA NO CICLO MEDIO, ademais, doutros cursos de carácter complementario (Elaboración e animación de títeres. A plástica e os contos no C.M., O Xogo dramático no C.M., Técnicas de Impresión na escola).

As axudas a experiencias de animación da lectura teñen por obxectivo apoiar as iniciativas xurdidas nos centros de ensino de cara á mellora e experimentación de novas accións encamiñadas á promoción do libro e da lectura entre os escolares. Para isto adxudicáranse cinco subvencións de 50.000 pesetas para outros tantos proxectos. Para poder solicitar estas axudas (catro para colexios públicos e unha para privados concertados) os centros deberán de presentar un proxecto inicial da experiencia que se pretende desenvolver, no que conste obxectivos, actividades e recursos previstos (orientados cara a accións tenden-

tes (fomento da lectura dos escolares). O prazo de presentación das solicitudes remata o 31 de outubro do presente ano.

As actividades complementarias da campaña consisten na visita a unha biblioteca pública, "os vellos contan contos ós nenos (coa colaboración da Residencia da terceira idade do Meixueiro) e o préstamo de oito audiovisuais de promoción da lectura "EL LIBRO DE ADA".

A promoción da campaña vai realizarse coa edición dun cartel ("Fai leóns"), dunha pegatina destinada ós nenos ("Eu, león"), e dun BIP (no que se publicarán os proxectos e memorias que foron obxecto de axuda dentro da anterior campaña).

Cine infantil

O programa de cine infantil continuación dos realizados desde hai tres cursos pretende introducir ós nenos na linguaxe cinematográfica, fomenta-la súa afición polo cine, contribuir á formación cultural dos nenos tomando como motivación a película proxectada. O programa consiste na proxección dunha película no Auditorio do Centro Cultural Cidade de Vigo, tódolos sábados, ás 11 da mañá, e na edición do GATO BOGAR (Cuaderno Municipal de Cine), que de forma divulgativa e amena, introduce ós nenos no mundo do cine e doutras áreas culturais relacionadas coa película visionada

FALANDO



Concha López Narváez.

Concha López Narváez: dejar la docencia y comunicar escribiendo

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

Me habian hablado muy bien de su libro "La tierra del sol y la luna". "Tiene mucha aceptación en algunos colegios" me dijeron en cierta ocasión. Lo lei y me pareció un excelente libro, en el que la autora se vale de unos hechos históricos—relación entre cristianos y musulmanes en el s. XVI—para crear una hermosa trama novelesca.

La Historia es el fondo de algunos de sus libros. No podía ser de otra forma. Concha López Narváez estudió Filosofía y Letras y se especializó en Historia de América.

Durante varios años ha sido profesora de esta disciplina y de Literatura, lo que llevó a entrar en contacto directo con los niños. Deja su labor docente por cuestiones personales y se dedica a escribir de manera total y continuada. Esa comunicación, que tenía con la gente joven, tema un nuevo rumbo, esta vez por medio de la escritura.

En 1984 se le otorga el "Premio Lazarillo" por su libro "El amigo oculto y los espíritus de la tarde" (Noguer. Cuatro Vientos), lo que le supone el espaldarazo definitivo como escritora, además de ser un magnífico estímulo para proseguir en el sugestivo campo de la literatura infantil. Ha publicado también "La colina de Edeta" (Espasa Calpe) y precisamente ahora esta misma editorial acaba de sacar a la luz su nuevo libro "El fuego de los pastores" en la colección Austral Juvenil.

Como muchos autores, tiene en sus hijos unos críticos severos y se mostró muy amable, cuando le formulé la pregunta, que a continuación se reflejan.

P.— ¿Qué significó para Vd. la obtención del Premio "Lazarillo" de 1984? ¿Es necesario un galardón de estas características, para que un escritor—escritora en este caso—sea valorado en su justa medida?

R.— Una gran alegría y un estímulo para seguir escribiendo. Creo que no es estrictamente necesario, pero sin embargo constituye una considerable ayuda para personas cuya obra no es todavía muy extensa.

P.— He leído en alguna parte algo como esto: "A los autores españoles les falta crítica y humor en sus escritos".

¿No le parece un poco injusta esta afirmación, por lo que tiene de generalización?

R.— Supongo que esta pregunta se refiere a la crítica de tipo social que puede aparecer en obras infantiles ¿no?

P.— Si, si. A eso me refiero.

R.— Pues, teniendo en cuenta que la sociedad española, en general, lleva pocos años abierta a la crítica, no es extraño que la literatura infantil no haya tocado todavía temas que en otros países ya son habituales.

P.— ¿No creo que la crítica en los autores españoles vendrá dada por unas coordenadas totalmente diferentes, con relación a la que se manifiesta en los países nórdicos, en Alemania o en Gran Bretaña, pongamos por caso?

R.— El escritor está inmerso en la so-

ciudad a la que pertenece, y refleja, en mayor o menor grado, el sentir de la misma; por ello forzosamente las literaturas nacionales han de tener características diferentes.

P.— ¿Busca en su magnífico libro "La tierra del sol y la luna" una cierta divulgación histórica, como fondo válido a la narración en sí misma? ¿Son compatibles los dos enfoques en una misma obra?

R.— El acercamiento de la Historia al niño tiene para mí una importancia primordial, de tal forma que de los libros que hasta ahora tengo escritos, tres de ellos tocan temas históricos. Pienso que apoyar una narración en la Historia es algo perfectamente válido y posible.

P.— La amistad y la fidelidad son elementos comunes en los dos libros suyos, que yo he leído: El anteriormente citado y "El amigo oculto..." ¿Por qué?

R.— Creo que la amistad y la fidelidad, junto con la tolerancia, son valores necesarios para la convivencia y el entendimiento entre los seres humanos, en cualquier época.

P.— Hablando de este último libro, por cierto galardonado con el "Lazarillo". He advertido en "El amigo oculto y los espíritus de la tarde" un estilo narrativo, un lenguaje y unos determinados giros, tan en consonancia con el tema de la historia y tan ajustados a los personajes, que te meten profundamente en la acción desarrollada.

¿Forman estos aspectos parte de la concepción creadora de Concha López Narváez?

R.— Los personajes, en toda obra, representan situaciones y sentimientos de una época y un lugar, por este motivo trato siempre, mediante el lenguaje utilizado por ellos, de dar un fiel reflejo de la situación en la que desarrollan sus vivencias.

P.— Concha, ¿Un niño que lee es más feliz? ¿Por qué?

R.— Un niño que lee amplía su mundo y tiene la posibilidad, identificándose con los personajes de sus lecturas, de vivir otras vidas enriqueciendo la suya.

P.— ¿Qué pretendió Vd. al dejar su labor docente, como profesora de Literatura e Historia, por esa actividad maravillosa, que es la creación literaria?

R.— Por circunstancias familiares dejé la docencia antes de dedicarme a la creación literaria, y hoy por hoy puedo decir que escribir es para mí un reencuentro con los niños y una cierta forma de reanudar aquella labor docente.

P.— Para terminar. Aún hay padres, que hablan de los cuentos infantiles en un tono despectivo. Falta, todavía, una valoración más real de la lectura, como acto recreativo. Me gustaría que hiciera algunas consideraciones al respecto sobre este tema.

R.— Pienso que la literatura infantil, además de enriquecer y ampliar la imaginación, los conocimientos y el lenguaje del niño, le prepara para ser un lector adulto. Esto independientemente del aspecto recreativo, que es por sí mismo un valor.

VIAXES

O Courel dos tesos cumes (I)

CALO IGLESIAS

"Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe" (UXIO NOVONEYRA)

Anoitece en Quiroga nos primeiros días de Agosto. Os asubios de tómbolas e "cabaliños", o mago encantador de circo, as bandeiriñas colgantes, o arrecendo dos churros. Quiroga en festas. No restaurante "O remansiño de paz" tamén arrecendo a troita e filloa; os xamóns colgan de teito, como bandeiriñas, pero en porco. Despois de cear escoitamos ó conxunto musical dos "Player's", mozos de pantalón negro, camisa brillantina-branca. Acometen de entrada unha "España cañi" das que se precian; cantan logo en inglés que por algo son os "Player's" (do Ferrol). As mozas bailan, os mozos miran. Xa se achegarán.

Dormimos no Hostal Rio Lor, na estrada que vai cara Monforte. O Courel dos tesos cumes espera.


Mañan de sol e nubes, camiño do "Alto do Boi". No Alto, todo o Courel nos ollos, "a voo de páxaro", as casas grises e quietas, dormidas sobre o manto verde dos soutos, arroladas polo "zum-zum" das abellas; lombos xeolóxicos das serras e os peneireiros ou "pineiriños" pairando nas abas do Pia Páxaro. Abaixo, no Folgoso, murmura o Lor.

En Folgoso, o Sr. cura, D. Manuel, ofrécenos información precisa e documentada sobre itinerarios, castros e explotacións mineiras. D. Manuel é persoa amable, culta e moi ocupada na atención pastoral da comarca. Se tivese tempo—penso eu— andaría a busca-lo ouro en cuarzos e areas, para demostrar ós incrédulos que se ás abandonadas explotacións auríferas dos romanos se lles aplicasen as novas tecnoloxías, o "Eldorado" caería polo Courel.

Outro bo coñecedor da comarca é Alfredo Seijas, que traballa no INEM, en Lugo. Tamén nos proporciona información e unha admirable e interesante mostra de fotos coureláns, da súa propia colleita.

A tarde baixamos cara Seoane. A metade do camiño aparta unha pista que sobe ó Castro da Torre, perto do lugar de Sobredo. No Castro aparecen restos de citanias circulares, con paredes de lousa, vixiando a entrada do Cebreiro. En Sobredo, menos os coches matrícula B de Barcelona, todo é medieval: a auga, o souto inmóvil, as casas de lousa unidas e montadas sobre peares, os patins e o romance pícaro que canta o vello Vicente:

"Moito tarda Maruxiña,
moito tarda que non ven;
ou perdeu a cantariña,
ou moitos amores ten".



Mapa de situación.

O vello Vicente non ten presa. Canta e conta. Vicente é outra historia, outro tempo, outro cantar. As barbas do meu compañeiro Uxio Labarta, case non lle crecen no Courel, como se obedeceran a ese lento vital que está na voz, na pel, nos ollos, nos xestos de Vicente. Os pinos de "Balsain", que desde hai trinta anos repoboan os "Altos do Boi", crecen tamén paseniño, non teñen presa. Biólogos e litólogos darán razón comprida desde lento medrar, pero digo eu se non haberá tamén algo de obediencia e respecto a ur tempo diferente, que non se mide por horas, estacións, anos, a un tempo de pedra, xeolóxico.

Dormimos en Seoane. Na mañana, desde a xañela, contemplo o tono lila das serras. Abaixo, xunto do río

"no bicarelo do bico do brelo,
canta o paxariño.
No mismiño
bicarelo do bico do brelo".
Como ben sabe Novoneyra.

Hoxe tencionamos subir á "Devesa da Rogueira", por San Pedro de Esperante e Carbedo. A pista, poeirenta, resulta unha mala elección. A próxima vez mellor será por Parada, sendeiro arriba, lonxe dos camiños que baixan das canteiras con enormes blocos de lousa.

Perto de Carbedo, sobre una pena duns 50 metros, érguese o arruinado castelo que fora do cabaleiro D. Nuño Peláez e, posteriormente, da Orde de Santiago. Non lonxe, a chamada "Fonte do horto vello"; no seu oco disque houbo un

tesouro de barras de ouro. Non sei ou que opinará D. Manuel.

Nunca pensei que o "Alto do Couto" estivese tan alto. Xan Facal e máis eu tomamos sobre o resto bastantes metros de dianteira. O grupo dos rezagados chama por nós: na vertente do val, nun prado, hai unha cerdeira ategada de cereixiñas agridoces. "¿Qué facemos, Xan?". Non nos decidimos a retroceder e quedamos clavados polos raios do sol, á beira da pista. Eles están coas cereixiñas, dalle que dalle, con pevidiñas e todo. Pasan e pesan os minutos. Berrámoslles: "Ei! Que non chegamos a Devesa!". E a boca chea de Camilo Nogueira contesta: "Eu xa cheguei!".

Entramos na Devesa da Regueira por un "camín"—como din aquí— que aparta á esquerda no condenado "Alto do Couto". O camín vólvese sendeiro, que serpea entre as xestas ata perderse na fraga. Non esaxera Novoneyra cando escribe:

"Rompendo a tónica uniforme do ucedo e da serra alta, algunha devesa (fraga) escapada das queimas seculares dos pastores gracias ó seu humedén natural. Destaca entre elas a DEVESA DA ROGUEIRA, a máis belida e rica reserva botánica de Galicia e non precisamente pola súa extensión. Na ROGUEIRA abundan tanto as faias como os carballos corporentos (rebolos). Tamén os teixos, acibros (xardós ou xardois), avelaneiras, bidueiros e carnabudos ou capudres (serval de cazadores)(...) Atravesando o seu trezado de carrozos e carreiros, fontegalos e fontes, a memoria amenta todo o

pasado biolóxico traguido de sopetón por calquera recendo entre o pasmo dos ollos: Eiqui sempre foi o bosco!".

De fontes e fontegalos unha auga limpa e fría. Nunha das fontes apousamos. Un bocadiño de carne con pan reseco que a min me sabe a pan de Porriño e a Enrique Aller, que é de Lalin, a pan de "La Morena". Tal é a fame que temos. Os compañeiros da "cerdeira" truxeron unha grande brazada de cereixiñas para o postre.


Despois de xantar seguimos ganando altura. No fondo do val déitanse Oreda e Parada. Xa case no cumio encontramos as dúas fontes de máis sona: a fonte rubia e ferruxionosa; a fonte branca, alcalina e disque afrodisíaca.

A volta é fatigosa. Xan vai medindo os pasos mentras canta polo baixiño o romance do Conde Olinos; "Caminaba el Conde Olinos...": unha estrofa son 30 pasos. Suma e segue... Cada quen distrae as súas fatigas como pode. Un home corta xestas e mira para nós cun sorriso coñón de catro dentes. "Fai un sol de carallo".

Cando chegamos a San Pedro de Esperante, dóenme os cadris, as canelas e a mesma razón de ser. Pero teño o superego a tope, mentras remollo o meu "doloroso sentir" nas frias e gratisimas augas do Lor.

Ceamos en Seoane. O carteiro de Vilamor invítanos a unha copa de "Sansón". Fernando Randulfe canta as excelencias do xamón. Qué ben entra o viño con gaseosa! Mañan subiremos ó Pia Páxaro. Xa vos contarei. Deus nos valla.

MAXISTERICO



PEPE CARREIRO



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

